

COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2024

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 8 de xullo de 2024.
2. A designación de D^a. Susana Álvarez González (titular) e D^a Francisca Fernández Prol (suplente) para formar parte da comisión avaliadora da VI Convocatoria de Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus da Auga.
3. A designación, consonte aos criterios do Regulamento para a elaboración do TFG en Dereito, do tribunal avaliador dos traballos de fin de grao para o curso académico 2024/2025:

Tribunal Titular

Presidente: Prof. Dr. Roberto Orlando Bustillo Bolado
Vogal: Prof. Dra. María Dolores Fernández Fustes
Secretaria: Prof. Dra. Susana Álvarez González

Suplentes

Prof. Dra. Lidia Noriega Rodríguez
Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez
Prof. Dra. Mónica Siota Álvarez

4. Aprobar a relación do profesorado que no curso académico 2024/2025 cumpre os requisitos para ser titor/a do Traballo de Fin de Grao en Dereito; autorizar a titorización polos profesores D. David Castro Liñares e D. Roberto Couto Calviño, previa solicitude expresa dos interesados; remitir unha consulta á Secretaria Xeral relativa a se, consonte á normativa da Universidade de Vigo, os bolseiros predoutorais cumpren os requisitos para titorizar TFG; e delegar na secretaria da Facultade a competencia para realizar as actualizacións que procedan ou corrixir os erros que se detecten.
5. A designación da Prof. Dra. Marta Fernández Prieto como titora de prácticas externas do Grao en Dereito no curso 2024/2025 e delegar na devandita titora a competencia para actuar en materia de designación de persoas titoras no caso de que se reciban máis solicitudes.

¹Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

6. Respecto ás solicitudes de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural: incluír dentro da programación de Extensión universitaria as seguintes actividades e reservar do orzamento correspondente as cantidades indicadas:

- Seminario: “O dereito tamén en galego” (400€)
- Xornada sobre o dereito constitucional do traballo (400€)

Ourense, 25 de setembro de 2024
A SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.